

FICHA DE INSCRICIÓN

II CONCURSO DE DECORACIÓN DE FACHADAS DE NADAL 2024

NOME E APELIDOS:

ENDEREZO:

PERSOA DE CONTACTO:

TELÉFONO:

HORARIO:

REFERENCIA CATASTRAL / OU ENDEREZO DA CASA CUXA ORNAMENTACIÓN
SE PRESENTA AO CONCURSO

A participación no concurso de decoración de fachadas, leva implícita a aceptación
íntegra das bases reguladoras do concurso, que figuran ao dorso.

SINATURA,



BASES REGULADORAS: "II CONCURSO DE DECORACIÓN DE FACHADAS DE NADAL 2024"

OBXETIVOS: O Concello de Meis convoca o "II CONCURSO DE DECORACIÓN DE FACHADAS DE NADAL 2024" dirixido a tódolos/as veciños/as de Meis.

Esta iniciativa ponse en marcha co obxecto de impulsar a decoración das fachadas de vivendas e edificios, ubicados no Concello, para o embelecemento dos espazos con motivos navideños; así como promover a creatividade, recoñecendo e premiando, no seu caso, os mellores traballos realizados, e dinamizar a actividade do Concello.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN:

Poderán participar tódolos/as veciños/as de Meis.

Só se permitirán decoracións relacionadas con motivos navideños.

Os concursantes poderán executar as súas obras sempre que se axusten á fachada, balcón e xanelas e non molesten ao vecindario. As decoracións deberán estar situadas na parte principal da fachada ou portas exteriores de cada piso, e non se permitirán para o concurso decoracións en patios interiores ou no interior da vivenda.

Cada participante só poderá presentar ao Concurso, unha fachada.

Os interesados terán que inscribirse no Concello de Meis, en horario de 9.00h a 14.00h, ata o 5 de decembro, mediante presentación no Concello da ficha de inscrición que figura ao dorso.

CARACTERÍSTICAS DA CAMPAÑA:

A campaña dará comezo o 9 de decembro de 2024.

O xurado estará composto por traballadores do Concello e valorará as decoracións no transcurso da festas do nadal entre o 24 e o 31 de decembro de 2024.

Valorarase a orixinalidade, deseño e iluminación con liberdade de estilo e forma.

PREMIOS Establécense os seguintes premios:

1º PREMIO: Vale de 150€ para gastar no comercio ou hostalaría de Meis.

2º PREMIO: Vale de 80€ para gastar no comercio ou hostalaría de Meis.

3º PREMIO: Vale 50€ para gastar no comercio ou hostalaría de Meis.

Cada Vale poderase gastar nun único establecemento.

RESULTADO E ENTREGA DE PREMIOS: O resultado comunicárase aos gañadores, publicándose o mesmo tempo na páxina web do concello www.meis.gal e no Facebook Concello de Meis.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE: Os participantes do II Concurso de decoración de fachadas Nadal 2024, autorizan ao Concello de Meis ao tratamento e difusión das imaxes das vivendas ou edificios participantes no concurso.

PROTECCIÓN DE DATOS: O CONCELLO DE MEIS é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestionar o concurso. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimíranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir aseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE MEIS. Avda. Cambados - O Mosteiro, 67 - 36637 Meis (Pontevedra). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

